




Centro Interculturale Dedicato a **Raimon Panikkar**

"Le parole dei grandi Maestri non sono scritte su pergamena, ma sul cuore degli uomini!" (Raimon Panikkar)



News 28/05/2010



VICTORINO PÉREZ PRIETO. **Prisciliano na cultura galega. Un símbolo necesario**

Adro de M^a Pilar García Negro Colección ENSAIO

EDITORIAL GALAXIA 2010, 320 páxinas

O MÁRTIR DE TRÉVERIS

Segundo escribiu Otero Pedrayo, “Prisciliano é a maior personalidade que Galiza xerou; foi do seu tempo e aínda máis profundamente do seu pobo”. Así e todo, esta é aínda unha figura bastante descoñecida para a maioría e, cando non o é, adóitase ter ideas confusas acerca da súa persoa e do seu pensamento. Prisciliano na cultura galega tenta facer un achegamento científico á súa personalidade. Pero este libro é moito máis, non só fala da vida e a obra de Prisciliano, senón do priscilianismo, que viviu activo máis de dous séculos despois da súa trágica morte. O teólogo Victorino Pérez Prieto deixa de manifesto neste libro, de maneira case exhaustiva, o peso e a importancia de Prisciliano na cultura galega, sobre todo desde o século XIX ata os nosos días. Salientablemente en figuras tan senlleiras coma Otero Pedrayo, Castelao, Portela Valladares ou Méndez Ferrín. Finalmente, e consonte co mesmo título do libro, deféndese a tese de que, alén do que poidamos saber de Prisciliano, o mártir de Tréveris é un símbolo necesario na construción da identidade galega.